

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

16-03-2020

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 28/02/2020
2. Informes
3. Calendario curso 2020-2021
4. Análise da situación a causa do coronavirus
5. Quenda aberta

**Asistentes:** M.S. Freire, R.A. Guerra, A. Mosquera, M.C. Palacios, M.A. Sotelo, M.A. Val

**Excusan a súa asistencia:** J. González

O día 16 de marzo ás 13:00 h por videoconferencia (webex), réunese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### **1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 28/02/2020**

Apróbase a acta da reunión da Comisión da Titulación do 28/02/2020.

### **2. Informes**

#### **2.1. Aprobación por vía de urxencia dos membros da Comisión de TFG. (Correo electrónico enviado o 11/03/2020)**

O Regulamento do TFG indica:

Artigo 1.- Composición da Comisión de Traballos Fin de Grao. A Comisión de Traballos Fin de Grao de Enxeñaría Química (en adiante Comisión TFGGrEQ) estará composta por alomenos seis Profesores da área de Enxeñaría Química.

Enviouse un correo electrónico o día 04/03/2020 informando das prazas vacantes para que os profesores que así o desexasen se propuxesen para formar parte da mesma.

Recibíronse respostas positivas por correo electrónico de A. H., H. R., S. F., J. G., S. G. e M. C. e resposta verbal de A. A.

O día 11/03/2020 enviábase un correo electrónico aos membros da comisión do grao para a aprobación pola vía de urxencia da proposta de membros para dita comisión que non tivo ningunha resposta negativa polo que esta comisión proporá á ETSE como membros da devandita comisión a:

A. H.

H. R.

S. F.

J. G.

S. G.

M. C.

A. A.

### **3. Calendario curso 2020-2021**

O calendario está ben segundo o documento analizado. Unicamente, propónse o adiantamento da data de fin de docencia do primeiro cuatrimestre ao día 14/12/2020 para que non haxa problemas á hora de fixar exames na última semana de decembro.

### **4. Análise da situación a causa do coronavirus**

Dado que todas as actividades presenciais están anuladas compre establecer algunhas accións para favorecer as actividades de docencia das materias por vía telemática. Para isto elaborouse o documento anexo a esta acta e o procedemento para facer pública a información e relacionarse entre profesores e alumnos do grao.


### **5. Quenda aberta**

A coordinadora da a seguinte información sobre as enquisas de satisfacción do alumnado. O día 11 de abril de 2020 abrírase o prazo para a realización de enquisas de opinión do alumnado sobre a docencia recibida no 2º semestre do curso 2019/2020 nas materias de titulacións grao. O prazo para cubrir as enquisas será o seguinte: **dende o día 11 de abril ao 13 de maio de**

**2020** (inclusive). Ademais, a Área de Calidade informará a todo o alumnado e profesorado do comezo do período de realización das enquisas, solicitándolle a súa colaboración.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 14:15 h.

En Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral  
Coordinadora do Grao